

Vázquez abandona Melide para dirixir a Consellería do Rural

A xa exalcaldesa acode á chamada do presidente da Xunta, que lle encomenda a busca dunha saída á crise do sector leiteiro

Apenas catro meses despois de renovar na alcaldía con maioría absoluta, a muller que dirixiu o rumbo de Melide durante os últimos catro anos e medio dá o salto á política autonómica para incorporarse ao renovado goberno de Núñez Feijóo. Por diante ten algo menos dun ano, antes das eleccións autonómicas de 2016, para atopar unha saída á problemática do leite, un dos principais problemas dun rural galego no que Vázquez presume de ter nacido e vivido e que asegura coñecer e amar a partes iguais. P2



DALIA GARCÍA COUSO, ELIXIDA NOVA ALCALDESA



A marcha de Ánxeles Vázquez obrigou ao equipo de goberno local a abrir o melón sucesorio. Tras dez días de incógnita Dalia García Couso, a concelleira máis nova do executivo municipal e número 8 das listas coas que o PP concorreu ás eleccións, foi a elixida polos seus compañeiros de partido para ocupar a alcaldía. Licenciada en Ciencias Políticas e docente na universidade, recolleu o bastón de mando o pasado 17 de outubro con trinta anos acabados de cumprir, feito que a converte na segunda alcaldesa máis nova de Galicia. Fíxoo coa promesa de “conservar e engrandecer” o legado de Ánxeles Vázquez dende “o diálogo, o consenso e o respecto”. P3

EMPRESA

Asetem-Cca ve necesario excluír o parque industrial da Rede Natura P5

MELIDE

Volve abrir o parque infantil do Multiusos con instalacións renovadas P13

COMARCA

Sobrado busca novos usos para a Galiña Azul ante a falta de alumnos P14

ENTREVISTA



**Cristina
Louzao,
California 66
P23**

Ánxeles Vázquez dá o salto á política autonómica como conselleira do rural



O presidente Feijóo saúda a Ánxeles Vázquez pouco despois de que esta tomase posesión do cargo

Ánxeles Vázquez, a que foi alcaldesa de Melide durante os últimos catro anos e medio, desenvolverá a partir de agora o seu labor político como Conselleira do Medio Rural.

A súa foi unha das novas incorporacións ao gabinete do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, trala remodelación de goberno que acometeu a principios de outubro para dar resposta a un “novo contexto” en Galicia e para remontar o voo de cara ás eleccións

autonómicas de 2016 despois do castigo electoral que sufriu o PP galego nas pasadas municipais, onde obtivo o peor resultado da súa historia.

Precisamente neses comicios está unha das claves do ascenso de Ánxeles Vázquez, que non só esquivou ese castigo electoral senón que renovou a maioría absoluta que tiña incrementando incluso a distancia cos seus competidores. Converteuse así nun referente para os populares

galegos e apuntalou a súa posición dentro do partido, onde xa fora ganando enteireiros nos últimos anos: en 2013 foi nomeada portavoz provincial e este mesmo verán formou parte do grupo reducido de persoas encargadas de redactar a ponencia política para a renovación do PP galego.

A isto hai que engadir a súa experiencia como concelleira, os sete anos á fronte da alcaldía de Melide e o seu paso polo Congreso dos Deputados,

unha traxectoria que Núñez Feijóo recordou durante a toma de posesión de Vázquez como Conselleira de Medio Rural o pasado 5 de outubro.

Con todo, e consciente de que Vázquez chega á consellería co reto de lograr unha boa saída para a problemática do sector lácteo, o presidente fixo especial fincapé na vinculación da exalcaldesa co entorno rural: “non hai que explicarlle o que é porque vive nel e porque a súa familia vive del”. Destacou tamén o seu xeito de facer política de proximidade, “pateando o campo, coñecendo as necesidades desas persoas que traballan nel”, dixo o presidente para logo engadir que “como conselleira pedireiche que fagas exactamente o mesmo pero ampliando o radio de acción desde Melide a toda Galicia”.

Ánxeles Vázquez recolleu o guante e asegurou trala súa toma de posesión que “agora toca que me esixa a xente de a pé e nesa liña vou estar porque é a única que sei facer”. Como colofón ao seu discurso concluíu dicindo: “só vou pensar en Galicia pero sobre todo no rural galego; porque vivo nel, porque me criei nel, porque vivín moito tempo del e porque amo o rural”.

AS FRASES

“Pedireiche que sigas pateando o campo e coñecendo as necesidades das persoas que viven nel”

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta

“Só vou pensar en Galicia e no rural galego; porque vivo nel, crieime nel e vivín moito tempo del. Amo o rural”

Ánxeles Vázquez
Conselleira do Rural

AS REACCIÓNS

“Esperamos que retome o diálogo e a interlocución co sector, ausente co anterior equipo”

Unións Agrarias

“Segue a liña de Rosa Quintana, negando que haxa un problema de prezos e acusando aos gandeiros de ser alarmistas”

Organización de
Produtores Lácteos

“Agardemos que se reforce a presenza política no rural para atender as súas necesidades”

Asoc. Galega de
Cooperativas Agrarias

PROMESA PARA UNHA DESPEDIDA: O NOVO CENTRO DE SAÚDE

Na súa despedida Ánxeles Vázquez non quixo deixar ningunha conta pendente coa veciñanza. Poucos días antes de transcender o seu nomeamento como Conselleira do Medio Rural conseguiu arrincar o compromiso da Xunta co centro de saúde de Melide. Foi o propio presidente da administración autonómica, Alberto Núñez Feijóo, quen anunciou que se incluírá nos orzamentos de 2016 a partida necesaria para construír un novo ambulatorio e que se acometerán obras de urxencia no actual centro.

Deste xeito, Ánxeles Vázquez deixa encamiñada unha das principais necesidades da vila e a súa gran promesa elec-



Reunión de Núñez Feijóo e Ánxeles Vázquez en Monte Pío

toral incumplida na anterior lexislatura, na que viu como o orzamento reservado para o

novo centro de saúde non se executou nos anos 2012, 2013 e 2014 e nin sequera apareceu

nos presupostos de 2015.

Precisamente este foi un dos argumentos empregados pola oposición para dubidar de que este último legado de Ánxeles Vázquez chegue a ser realidade: “Oxalá sexa certo, Melide meréceo”, expresou o voceiro do PSOE, José Antonio Prado, “pero non esqueamos que estamos en período dobremente electoral, para o Congreso e proximamente para a Xunta”. OBNG pronunciouse nunha liña semellante a través das redes sociais: “parece que aquí choveron millóns de euros. Xa estamos acostumados a esta propaganda. Non será que logo vai haber eleccións? Levan catro anos anunciándoo pero só hai herba”.

DALIA GARCÍA COUSO, NOVA ALCALDESA DE MELIDE

“Intentarei poñer a miña impronta nun goberno continuista que xa ten as liñas xerais marcadas”

A nova rexedora asume o cargo co obxectivo de “preservar e engrandecer” o legado de Ánxeles Vázquez “dende o consenso, a colaboración e o respecto”

Dalia García Couso rexerá o destino de Melide durante os próximos tres anos e medio. Licenciada en Ciencias Políticas e con 30 anos acabados de cumprir, a ata agora concelleira de Xuventude e Novas Tecnoloxías fíxose co bastón de mando o pasado 17 de outubro para substituír no cargo a Ánxeles Vázquez, agora concelleira do Medio Rural, e converterse na segunda alcaldesa máis nova de Galicia.

Recolleuno de mans da súa antecesora e arroupada polo secretario provincial do PP, Diego Calvo, que quixo expresar coa súa presenza o apoio da dirección do partido ao nomeamento de García Couso como alcaldesa. A nova rexedora accedeu ao cargo dende o posto número 8 da lista dos populares e logo de que os seis compañeiros que a precedían decidisen renunciar a ocupar a alcaldía, un feito que motivou as críticas da oposición.

A propia rexedora non quixo deixar pasar por alto este asunto e foron dúas as ocasións durante o discurso de investidura nas que defendeu a súa lexitimidade como alcaldesa:



Dalia García Couso momentos despois de xurar o cargo

“todas as institucións públicas establecen claros mecanismos de substitución e relevo para garantir a gobernabilidade”, dixo nada máis comezar, “no noso sistema político non hai

máis lexitimidade que a que emana das leis”.

Posteriormente asegurou pertencer a unha organización política “onde os escalafóns non existen” e “todos sumamos independentemente do noso labor”. Foi nese momento cando quixo agradecerlle aos seus compañeiros de filas “ter confiado na miña persoa para asumir o goberno local”. Con todo, os maiores agradecementos foron os dedicados á súa mentora, Ánxeles Vázquez, de man de quen entrou na política en 2009 e a persoa que dous anos máis tarde a puxo á fronte dunha concellería. “Es unha catedrática da política local”, dixo García Couso, “deixas o mellor legado posible para Melide, un legado que estaremos orgullosos de preservar e engrandecer”.

Con estas palabras a nova alcaldesa deixaba entrever tamén que aplicará unha política continuista nun goberno “que xa ten as liñas xerais da lexislatura marcadas” e no que, segundo asegurou, “intentarei poñerlle a miña impronta persoal, sempre dende o consenso a colaboración e o respecto”.

AS FRASES

Á veciñanza:

“Non podo ofrecer máis que traballo incesante, diálogo e comprensión co fin de defender Melide”

Ao equipo de goberno:

“Imos levar este proxecto adiante con dedicación absoluta e sen escatimar esforzos”

Á oposición:

“Son defensora da política construtiva e estou aberta a colaborar en temas fundamentais”

A Ánxeles Vázquez:

“Es unha catedrática da política local. Deixaches o mellor legado posible para Melide”

A oposición considera que o nomeamento é “unha fraude democrática e unha gran mentira”

O acceso de Dalia García Couso á alcaldía de Melide causou malestar entre a oposición, que tildou o seu nomeamento de “fraude democrática” e “gran mentira”. Así o definiu o líder do BNG, Xosé Igrexas, quen chegou a pedir que se convocasen novas eleccións “para escoller un alcalde ou alcaldesa que teña realmente o respaldo democrático da veciñanza” e evitar unha designación “a dedo como xa ocorreu hai sete anos coa

mesma xogada feita polo PP”.

En verbas de Igrexas o nomeamento é “unha burla a toda a veciñanza”, xa que “os e as melidenses foron votar o pasado 24 de maio a unhas persoas en concreto e despois de catro meses vemos que o PP se burlou do pobo cambiando a alcaldesa pola persoa que ocupaba o posto número oito na lista”.

O PSOE tampouco escatimou en críticas e acusou ao PP de facer unha candidatura

para as eleccións municipais na que prevalecían os intereses partidistas e non os do pobo de Melide.

O portavoz dos socialistas, José Antonio Prado, asegura que a alcaldesa foi escollida nun “casting” onde se foron descartando concelleiros incapaces de asumir a responsabilidade e afirma que “antes tiñamos un mal goberno cun claro liderado e agora teremos un mal goberno sen rumbo nin liderado”.



Os concelleiros do BNG amosaron unhas camisetas durante a toma de posesión con alusións a “El Padrino” e nas que comparaban ao PP coa mafia italiana.



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03



TENDA-TALLER E ACADEMIA DE INFORMÁTICA

**¡¡NOVOS CURSOS DE INFORMÁTICA E
MECANOGRAFÍA!!!**

NENOS E ADULTOS

WINDOWS, OFFICE, DISEÑO WEB, DISEÑO GRÁFICO

ACHEGATE A ROSALEDA, 10 E PIDE INFORMACIÓN SEN COMPROMISO
OU BEN CHAMANDO O 981 50 71 69

TAMEN DISPOMOS DE TENDA E TALLER PROPIO PARA REPARACIÓNS
DE TODO TIPO.



Tfno.: 981 50 71 69

Ruá Rosaleda, 10 Melide

info@infor-byte.com.es

Norbrok21
correduría de seguros

www.nb21.es

NUEVA
DIRECCIÓN

TU PUNTO **NB21**

 **981 507 444**



San Roque, 42 bajo - 15800 - Melide - Fax: 981 507 783
melide@nb21.es

OSO BLANCO



katia

Mercería
El Rincón de Irixela
Lencería



Tfno.: **699 888 105**
C/ Rosaleda, nº 8 - Baixo
15800 MELIDE (A Coruña)
mjemario@gmail.com

O empresariado ve necesario excluír a Madanela da zona de Rede Natura

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) iniciará unha rolda de consultas a nivel institucional e político para analizar as posibilidades que existen de excluír o polígono da zona de Rede Natura. Con esta iniciativa a patronal melidense busca dar resposta á inquietude do empresariado local, que considera imprescindible, de cara ao futuro desenvolvemento da Madanela, liberar o polígono das restricións que impón a protección medioambiental.

Asetem considera “inxustificada” a inclusión do parque empresarial na Rede Natura e fai fincapé no uso industrial que tradicionalmente se lle deu aos terreos da Madanela, onde antigamente xa se cavarón foxas para extraer barro e abastecer de materia prima á tellreira de Furelos. Dende a patronal destacan ademais que a área industrial non forma parte da Serra do Careón, a de maior biodiversidade, xa que



Obras de asfaltado no polígono, este mes de outubro

esta remata no Meire. Outro dos argumentos que esgrimirán na súa batalla é que o polígono é anterior á Rede Natura e xa estaba en funcionamento cando a Unión Europea delimitou as áreas de especial protección ambiental.

Por outra banda Asetem trasladará o seu malestar polo xeito en que se estableceron as áreas protexidas, sen un debate

previo e “sen contar cos titulares dos terreos afectados”. Reprochan ademais que moitas das compensacións que se lle prometeron aos propietarios nunca se fixeron efectivas. De feito España, o país da UE que máis superficie aporta á Rede Natura, foi expedientado este ano pola Comisión Europea por non habilitar partidas para indemnizacións.


Rexeitan as propostas da Xunta para reorganizar a distribución dos GDRs

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo (GDR-UTM) presentará alegacións contra a proposta da Xunta para crear un novo mapa dos GDRs galegos e reorganizar a súa distribución.

Así o decidiu a xunta directiva da entidade, que tras reunirse o pasado 5 de outubro para abordar dita cuestión, coincidiu en que os borradores presentados pola administración autonómica “non respectan as similitudes territoriais, de coherencia social e de capacidade económica” dos municipios.

Unión con Santiago

O GDR-UTM está composto actualmente por dez conce-



Proposta de distribución dos GDR de Galicia

llos: Melide, Santiso, Toques, Sobrado, Arzúa, Boimorto, Touro, O Pino, Curtis e Vilasantar. Os tres borradores presentados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural propoñen separar os concellos da área norte (Curtis, Sobrado, Vilasantar) e expandir o GDR-UTM ata as

terras de Compostela, abarcando municipios como Boqueixón, Vedra, Teo, Ames e mesmo Santiago. Dende o GDR-UTM consideran que estes novos concellos “pouco teñen que ver cos outros se atendemos ás características sociais, económicas e demográficas”.

A mesma opinión é compartida polos membros da entidade, que alegarán tamén a nivel individual seguindo unha mesma liña de argumentación: “o éxito dunha estratexia de desenvolvemento local consiste en coñecer ben o territorio, pero tamén en que haxa certa homoxeneidade e características comúns entre os municipios nos que se aplica”, apuntan dende a xerencia do GDR-UTM.

PRÁCTICAS CONTRA O LUME NO POLÍGONO INDUSTRIAL



O polígono da Madanela será escenario o 24 de outubro dunha xornada formativa sobre prevención e extinción de incendios en vehículos de transporte. Organizada por Asetem e impartida pola Asociación de Bombeiros de Galicia, o temario incluírá prácticas con lume real. Os profesionais interesados en participar poden atopar toda a información en www.asetem.com

PREMIO “SINTONIZA CO TEU COMERCIO” PARA MANUELA PARDO



Manuela Pardo, veciña de Toques, foi a persoa agraciada no mes de setembro co vale de 100 euros que entrega Asetem a través do concurso “Sintoniza co teu comercio”, realizado en colaboración con Radio Melide. Asidua dos concursos e da sección de dedicatorias da emisora municipal, declarou sentirse “ilusionada” co premio xa que “nunca antes recibira ningún”.

XORNADA PARA SOCIOS/AS SOBRE A FACTURA ELECTRÓNICA

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) realizará unha xornada formativa sobre a factura electrónica. Está dirixida a todas as súas empresas asociadas e terá lugar o xoves 22 de outubro en horario de 10:30 a 12:30 da mañá. A charla impartirase no salón de actos da patronal e será gratuíta. O programa da xornada abordará os seguintes aspectos: normativa, tipos de facturas e vantaxes da factura electrónica; como operar coa factura electrónica; preparar o ordenador: diante das administracións públicas, diante doutras empresas, diante do consumidor; recibir facturas electrónicas; aplicacións de facturación electrónica: descarga e instalación.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

RAQUEL RAMOS LODEIRO, “CAFETERÍA LODEIRO” (R/ Taboada Roca, nº 3)



“Atender un bar non só consiste en estar detrás da barra e servir copas”

medo que tiña era que a xente non cruzara a porta e o bar no saíra adiante. De momento iso non pasou. Ao contrario, no tempo que levamos dende que abríñ estou moi contenta.

-Pegoulle un cambio radical ao local. Non parece o mesmo bar que había...

-R.R.: Foi algo intencionado. A min nunca me gustaron os bares escuros e por iso quixen abrillo, darlle luz, que fora completamente distinto. Fíxeno á miña idea; saqueille a porta e deixei toda a fronte aberta, con cristaleira, para darlle a máxima luminosidade posible. Creo que conseguín crear un ambiente diferente.

-Buscou tamén con ese cambio abrir o local a un

novo tipo de clientela?

-R.R.: Si. O bar que había antes abría a partir da media tarde e estaba enfocado máis ben para público novo. Eu quixen abrir o abano, sen enfocalo a ningún tipo de cliente en concreto, senón a todo o mundo. Quixen que fose un bar no que tanto se poida tomar un café pola mañá, como un viño ao mediodía, xogar a partida pola tarde ou ir de copas cos amigos unha noite calquera.

-Traballan a cociña?

-R.R.: Si, xa estamos facendo bocadillos, tanto fríos coma quentes, hamburguesas e sandwichs. Pódense pedir a calquera hora do día. Posiblemente ampliemos a carta en breve e incorporemos os pra-

tos combinados. Depende do que vaia demandando a xente.

-En Melide hai moitas cafeterías. Cal é a maneira de facer que o cliente vaia ao seu bar e no a outros?

-R.R.: As tapas e os pinchos son moi importantes, ao igual que o bo trato, pero na miña opinión o que resulta fundamental é falar cos clientes: ir xunta eles, sentarte, darlles conversa, ser máis ou menos coma unha familia. Atender un bar non consiste só en estar detrás dunha barra, servir unha copa e marchar. Hai xente que necesita que fales con ela e iso é o que facemos nós aquí. Houbo motas persoas que viñeron para saber como era isto e logo volveron. Iso quere dicir que lles gustou.

-Cal é a parte máis difícil do proceso de abrir un negocio propio, neste caso un bar?

-Raquel Ramos (R.R.): O máis complexo é a xestión. Traballar non supón nada; é fácil e aínda que veña moita xente, ben se dá atendido. Pero na xestión tes que estar

pendente de todo: provedores, contas, permisos... Iso nunca o fixera antes e ocupa boa parte do meu tempo e das preocupacións nestes primeiros meses.

-Tivo algún medo ao embarcarse nesta aventura?

-R.R.: Antes de comezar o

EMPRENDEDORES EN MELIDE

“SEABIT”, EMPRESA DE TELECOMUNICACIÓNS (R/ Buenos Aires, nº 3)

“Ofrecemos 10 megas de velocidade en sitios que están recibindo 1 ou 2”

-Que é SeaBit?

-SeaBit: Somos unha empresa de telecomunicacións con sede en Melide que ofrecemos servizo de internet, teléfono móbil e fixo. Somos como calquera operadora: Orange, Vodafone... pero empregamos un sistema diferente; a tecnoloxía wifi. Temos unha antena no monte Careón dende a que emitimos sinais de internet para as zonas rurais a onde non chega de ningunha outra forma ou chega con moi mala calidade. Iso, por exemplo, permite que poidamos ofrecer ata 10 megas de velocidade en lugares onde agora mesmo están recibindo 1 ou 2. Ademais, ao empregar unha tecnoloxía distinta, temos prezos moi competitivos.

-Poderían darnos algún

exemplo?

-SeaBit: Ofrecemos tarifas moi variadas; dende packs a prezos individuais para cada un dos servizos. Agora mesmo en canto a internet a xente está collendo moito o pack de 4 megas por 34 euros. Se ademais inclúen teléfono fixo, son 6 euros máis con tarifa plana. No móbil non traballamos con permanencia e permitimos modificar cada mes a cantidade de minutos e megas contratados. A tarifa máis económica son 5 euros. A máis demandada inclúe 1 Giga e 200 minutos por 14 euros.

-Cal é o seu ámbito de cobertura?

-SeaBit: Agora mesmo chegamos a Melide, Palas de Rei, Monterroso, Santiso, Toques

e algunhas zonas de Arzúa. O noso proxecto empresarial vaise desenvolver en tres fases. De momento estamos na primeira pero en breve pasaremos xa á segunda e aí contemplamos unha ampliación do ámbito xeográfico.

-Que vantaxes ofrece SeaBit con respecto a outras operadoras do mercado?

-SeaBit: A primeira vantaxe é que as nosas oficinas están en Melide e polo tanto a atención ao cliente é totalmente persoal. Nós podemos atendelo directamente, sen ter que estar pelexando coas centrais telefónicas, e solucionar todos os seus problemas en canto a ancho de banda, cantidade de megas, contrato ou facturación. Se alguén ten unha inci-



Paola Medina e Iker Blanco, dous dos catro socios de SeaBit

dencia, estamos dispoñibles 24 horas ao día e 7 días á semana para resolvela. Ata que non estea todo como ten que estar, non paramos.

-É difícil competir coas grandes empresas?

-SeaBit: Iso é algo que non nos preocupa demasiado.

Estamos convencidos de que os xigantes están preocupados polos grandes números. Nós non queremos grandes números; preferimos atender lugares que están esquecidos e ter unha cantidade pequena de clientes ben atendidos ca ter unha cantidade inmensa de clientes con moitos problemas no servizo.



TEMPADA DO COCIDO TODOS OS VENRES

Santa María
—
MELIDE

Teléfonos:

981 50 76 17

606 59 04 46



PREPARAMOS CAZA POR ENCARGO

Rúa Galicia, nº 7

MOZART *Sinfonía de Sabores*

CAFÉ *Chocolatería*

MELIDE

Batidos de helado

Chocolate con churros

Cafés especiales

Copas heladas

Sorbetes de frutas

Pizzas

Zona Infantil

Celebra tu cumpleaños con nosotros

CHINCHES?
MOSCAS?
CARCOMA?
ROEDORES?
CUCARACHAS?

Plagostel
N.R.S. (DL77-54L-SPE)
calidad e higiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com



PVP recomendado. Hasta el 31/10/2015 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 77€ con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a -4, llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación y lentes Beslayt 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

**2^{as}
gafas
GRATIS**

al comprar tus mó
graduadas
con antirreflejante

77€

**Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña**

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



Coida a túa saúde en Melide



CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varela
Fisioterapeuta colg. 992

plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)

Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103



clínica dental zona vella
Tel: 981 505000_Rua Nova, 6 baixo_15800 Melide




clínica dental

melident
laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: 981 507 508 - Rda. de Pontevedra, 67, b.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 516 601 - Rúa Casal de Munín, 2, b.
15818 BOIMORTO (A Coruña)



NEUMÁTICOS MELIDE

Servicio a domicilio 24 horas

Avenida de Lugo, 115 - MELIDE (A Coruña)

Tlfs. 629 150 455 / 981 505 157

GOODYEAR

DUNLOP

MICHELIN

BRIDGESTONE

Firestone

**CAMBIOS
DE ACEITE
E FILTROS**

LAVADO

ENGRASE



- O REI DA RODA -

José Antonio Pampín Mosteiro

Hostaleiros do casco vello esíxenlle ao Concello que faga cumprir “por igual” as normas vixentes

Piden sanción para o presidente local do sector por poñer unha barra exterior o día do Caralampio

A última edición do San Caralampio desatou a guerra na zona dos viños. Poucos días despois da celebración da festa un grupo de hostaleiros do casco vello presentou na alcaldía un escrito de protesta queixándose pola pasividade do goberno local ante o incumprimento por parte dalgúns establecementos da ordenanza que regula a actividade do sector.

En concreto apuntaban ao presidente da Asociación de Hostalería “Melide Móvese”, que segundo se recollía no documento foi o único bar que instalou unha barra exterior para o servizo de bebidas, un feito no que o resto de hostalei-



Sacar as barras á rúa xera polémicas en moitos concellos

ros viron “un incumprimento da legalidade vixente e unha clara desigualdade de negocio co resto dos locais”.

Segundo relatan, “a organización da festa requiriu ao propietario do local que retirase a barra, sen conseguir resultado positivo” e posteriormente “foi advertida a alcaldesa”, que naquel momento era Ánxeles Vázquez, “solicitando que intercedese

no mesmo sentido”. A falta de resposta por parte da rexedora motivou que o colectivo de hostaleiros denunciase a situación ante a Policía Local e solicitase máis tarde a través de dito escrito que as autoridades municipais informasen “das medidas a adoptar”.

Guerra na area política

Iso mesmo pediron semanas despois os socialistas de Melide

no último pleno, que contou coa presenza de numerosos hostaleiros do casco vello.

Na súa resposta, a daquela concelleira de Xuventude e hoxe alcaldesa, Dalia García, sinalou que as denuncias realizadas “fraco favor lle fan á hostalería” e explicou que “a raíz do acontecido e revisados os expedientes, atopáronse moitos locais que puxeron terrazas no verán e non as pagaron, locais que están operando sen licenza e outros que fixeron cambios de titularidade e non o notificaron”. Insinuou que a polémica ten un trasfondo ideolóxico e engadiu que “cando as cousas se fan para prexudicar, ao final os prexudicados son máis dos que se pensa”.

O voceiro do PSOE, José A. Prado, recriminou a actitude da edil popular e criticou a súa intervención: “iso é unha ameaza velada á hostalería. Estalles dicindo que por protestar, agora ides ir a por todos”.

Malestar polo atraso no inicio de curso do conservatorio

O Conservatorio Municipal de Música comezará o curso máis tarde do debido, unha situación que está a provocar malestar entre os pais e nais do alumnado e da que se fai eco o BNG de Melide. Os nacionalistas ven “inxustificado” dito atraso e achácanos a unha mala xestión do PP: “o goberno local está sumido nunha total desorde e o alumnado vai pagar as consecuencias, xa que non van poder empezar as clases ata ben entrado o mes de novembro a pesar de que xa pagaron a matrícula”. Denuncian que a mediados de outubro aínda estaba sen convocar o proceso selectivo do profesorado “cando por lei tiñan que estar traballando dende o 1 de setembro”.

O PP modifica o orzamento e destina 35.000 euros máis para o San Roque

O goberno local aprobou modificar o orzamento de 2015 para transferir cartos dunhas áreas de gasto a outras e facer fronte a pagos derivados, entre outros, da actividade do centro educacional, de desprazamentos das escolas deportivas ou de publicidade.

Unha das partidas, por valor de 35.000 euros, destinouse para as festas do San Roque de 2014 e 2015. Sumada aos 55.000 euros que xa contemplaba o presuposto, finalmente serán 90.000 euros os que destine o Concello este ano para os festexos de agosto.

A cifra causou indignación entre a oposición, que cualificou de “inasumible e indecente” dedicar tantos cartos para ese fin. Así o dixo o voceiro do PSOE, José Antonio Prado, que acusou ao executivo de deixar “estirar o pé máis do que dá a manta”. Na súa opinión “o Concello ten que estar presente nas comi-



Vista do Cantón de San Roque o día da actuación da Panorama

sións, sen dirixilas, para dicir ata onde se pode chegar e logo non ter que cubrir débedas”.

O BNG fixo unha crítica máis xeral e recordou que esta foi a segunda modificación do orzamento en só catro meses: “gastastes en total 195.000 euros que non tiñades pensado gastar”, explicou Xosé Igrexas, “o control do que presumides

non é tan certo”.

O edil de facenda, Luis Arias, defendeu a xestión do goberno dicindo que “o que lles gusta aos melidenses é que aos seus provedores se lles pague en tempo e forma”. Sobre a partida das festas argumentou que “o Concello pretende que non lle queden facturas pendentes aos voluntarios”.

Fomento aproba o trazado da A-54 entre Melide e Palas



Inauguración do treito Guntín-Palas, este mes de outubro

O Ministerio de Fomento acaba de aprobar definitivamente o proxecto do trazado da A-54 entre Melide e Palas de Rei. Ten unha lonxitude de 11,7 km e un orzamento estimado para a execución das obras de 115,8 millóns de euros. Despois de aprobar o trazado entre Arzúa e Melide o pasado mes de agosto, os dous treitos da A-54 ao seu paso polo municipio melidense están agora pendentes de seren licitados.

Fomento prevé que os traballos comencen o vindeiro ano. De feito, o proxecto de orzamentos do Estado para 2016 contempla unha partida de 12 millóns de euros para o tramo Arzúa-Melide e outra de 7,5 millóns para o treito Melide-Palas de Rei. Estímase que as obras estean rematadaas en 2019. Recentemente, o 20 de outubro, inaugurouse o tramo entre Palas de Rei e Guntín.

O concelleiro de Medio Rural dá explicacións sobre a súa ausencia na tractorada de Melide

O PP promoverá unha campaña a nivel local para promocionar o consumo de leite

O pasado 10 de agosto máis de 500 tractores botáronse á rúa para demandar uns prezos xustos para o leite en orixe. A ausencia do goberno melidense na concentración foi duramente criticada tanto polos propios manifestantes como polos partidos da oposición.

A entón alcaldesa, Ánxeles Vázquez, pechou a polémica asegurando que “acudiría ás manifestacións se iso valse para solucionar os problemas” e anunciando pouco tempo despois un investimento millonario na planta melidense de Lasurgal, feito que puxo como exemplo dos esforzos realizados pola Xunta e do camiño que debe tomar o sector.



Pablo Costoya

Dous meses máis tarde o concelleiro de Medio Rural e presidente da Cooperativa Melisanto, Pablo Costoya, aproveitou o pleno do mes de outubro para saír á palestra e defender tanto a súa actuación como o seu compromiso co sector leiteiro. Fíxoo ao fío da adhesión do PP local a unha campaña para promocionar o consumo de leite galego e des-



Tractores na Rúa do Progreso, en Melide, o 10 de agosto

pois das críticas formuladas polos socialistas melidenses, que ven en dita medida “unha forma de limpar conciencias”.

Así o expresou o edil do PSOE José Antonio Prado, quen quixo recordar que “o Concello de Melide foi o único que non prestou apoio, senón que preferiu ir de festa a Maceda” e acusou aos populares de “comparar aos gandeiros

concentrados co exército de Pancho Villa”.

Apoio incondicional

Por alusións, Pablo Costoya contestou que o día da tractorada estivo cos manifestantes en Arzúa “toda a mañá” e que logo non se trasladou a Melide porque “tiña festa na casa e como gandeiro teño dereito a ir”. Asegurou ademais que a

partir dese día participou “en todas as manifestacións” a pesar de sentirse decepcionado co xeito no que se desenvolveron: “xa non se sabía nin quen falaba, estábanlle mentindo aos gandeiros, pero aínda así durmín en Santiago, durmín en Lugo e seguí participando nas concentracións”.

100% galego e de calidade

Á marxe de polémicas, a corporación aprobou cos votos a favor de PP e PSOE e a abstención do BNG sumarse á campaña da Xunta para impulsar o consumo de leite galego. No que a Melide se refire, promoveranse accións conxuntas co gremio da hostalería, realizaranse campañas publicitarias e entregárase leite producido en Galicia nalgúns eventos organizados polo Concello. “Hai que sumar esforzos para promocionar tanto o consumo como a orixe galega do leite”, explicou a concelleira popular Chus López Mourón.

Os nacionalistas decidiron absterse por considerar a campaña “unha operación de maquillaxe para deter a sangría de votos que sofre o PP”.

O Concello rexeita presionar para que se cambie a sinalización da N-547

O goberno local non tomará ningunha medida para pedir que se revisen os novos límites de velocidade instalados na estrada nacional que comunica Melide con Santiago. Nin solicitará unha reunión co xefe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia nin lle pedirá tampouco á Policía Local que emita un informe técnico ao respecto, tal e como solicitou o BNG en sesión plenaria logo de recoller a opinión dos comerciantes e hostaleiros da vila. Segundo os nacionalistas o sector, “ve con preocupación a incidencia que está tendo a nova sinalización nos seus negocios”, motivo polo cal instaron a través dunha moción a “tomar conciencia do problema” e “propoñer alternativas”.

Ao respecto a voceira do grupo popular, Chus López Mourón, asegurou que “esa é unha cuestión máis técnica ca política”, e xustificou así o



O cruce de Santa María é un dos puntos perigosos da N-547

voto en contra do PP, que deposita a súa confianza na Comisión de Seguridade Viaria dos Camiños de Santiago, creada este verán tralo atropelo dunha peregrina e integrada pola Xunta, as Deputacións e o Ministerio de Fomento.

Pola súa parte, o edil socialista José Antonio Prado

criticou a adopción de medidas “improvisadas” manifestando que “as sinais de 70 son doadas de poñer”. A isto engadiu, en alusión á rotonda proxectada no seu día para o cruce de Santa María, que “de pouco vale limitar a velocidade se onde de verdade hai que investir non se fai nada”.

NOTICIAS BREVES

Cesión de estradas

A Xunta de Galicia cedoulle ao Concello de Melide a titularidade da estrada AC-192 que comunica O Mesón con Moldes. Trátase dunha vía de preto de 2,5 km na que a administración autonómica investiu o verán pasado máis de 50.000 euros en traballos de mellora. O executivo galego tamén cedeu a titularidade de dous tramos, de 154 e 280 metros de lonxitude respectivamente, situados entre os puntos quilométricos 54,5 e 55 da estrada AC-840 entre Betanzos e Agolada. Trátase de dous treitos que se atopan en chan rural e rústico e que teñen unha funcionalidade local.

Suba da contribución

O BNG critica a suba do 10% no valor catastral solicitada polo PP de Melide para 2016 e que se traducirá nun incremento do recibo da contribución de cara ao ano que vén. Os nacionalistas consideran “realmente grave que o PP realice outra suba importante das taxas municipais por terceiro ano consecutivo”. Na súa opinión, o equipo de goberno “só mira por ter cada día máis ingresos, tratando de xustificar a súa nefasta xestión da facenda pública, e non pensando nas persoas nin nas moitas familias que o están pasando realmente mal”. Dende o BNG denuncian ademais que na última lexislatura se subiron ata 14 recibos municipais.

O renovado parque do Multiusos estará operativo a finais deste mes



Xa están instalados case todos os xogos da nova área infantil

En cuestión de días os cativos e cativas da vila poderán xogar de novo na área infantil do parque Rosalía de Castro. Será concretamente a partir da última semana de outubro, cando se prevé que os operarios rematen de instalar os novos xogos. Ocuparán o lugar dos que foron retirados por completo este verán debido ao mal estado de conservación

que presentaban e ao perigo que supoñían para a seguridade dos usuarios.

As novas instalacións serán unha realidade en breve grazas ao convenio de colaboración que o Concello de Melide asinou coa Consellería de Presidencia e a través do cal a administración autonómica achegou 60.000 euros. Como novidade, o novo parque in-

corporará unha zona de xogos adaptada para rapaces con necesidades especiais.

Infraestrutura segura

O goberno local afirma que lle deu unha “prioridade máxima” ao problema “a sabendas da afluencia que ten o parque” e congratúlase pola rapidez coa que as instalacións volverán estar operativas. Por outra banda, fai especial fincapé en que será unha “infraestrutura segura” e aproveita para cargar as tintas contra o bipartito, baixo cuxo mandato se construíu o anterior parque infantil, que só tivo unha vida útil de seis anos: “a falta de control, o non dispor de documentación ningunha no Concello sobre cumprimento de normativa en materia de seguridade infantil, nin proxecto ou certificación, deron un pésimo resultado que afectou directamente aos veciños e veciñas de Melide”.

NOTICIAS BREVES

Normalización lingüística

O Concello de Melide nega que estea a incumplir a normativa en materia de uso do galego, tal e como denunciou recentemente o BNG ao fío dun cartel de obras e do programa da feira medieval, impresos os dous en castelán. Dende o goberno local recordan que Melide foi un dos primeiros concellos de Galicia en contar cunha ordenanza en materia de lingua, aprobada no ano 2001 estando o PP no goberno. Engaden que en todos os documentos vinculados á administración local se utiliza o galego e destacan que “no 99% dos casos” as empresas que traballan para o Concello tamén empregan esta lingua. Por outra banda subliñan que na plantilla da administración local figura un normalizador lingüístico.

Charla sobre o mexillón de río

O salón de actos do Edificio Multiusos de Melide acollerá o vindeiro venres 30 de outubro, ás 20:00 horas, unha conferencia sobre o mexillón de río. A charla, impulsada pola Asociación de Troiteiros “Río Furelos”, enmárcase na programación do proxecto Margal Ulla, que está a desenvolver a Xunta de Galicia no período 2011-2015 co obxectivo de recuperar as poboacións de mexillón de río na conca do Ulla. Este molusco atópase na actualidade “en perigo de desaparecer se non se toman medidas”, explica Xavier Pazo, presidente de Río Furelos. Na charla falarase das principais ameazas que ten o mexillón de auga doce no Ulla e de como mellorar o hábitat para favorecer a súa recuperación.

FOTO-DENUNCIA

Usos múltiples



Así coas persianas baixadas e tan curto plano podería parecer que estamos ante un edificio ou unha vivenda abandonada (das moitas que hai en Melide). Pero non, nin está pechado nin abandonado; é de todos e facemos tantas cousas diferentes dentro del que lle chamamos Multiusos. O nome préstase para estirallo coma o chicle e hai quen debe interpretar que un deses posibles usos consiste en afinar a puntería cos grandes farois coma dianas brancas que hai no exterior. A ver se entre todos lles dicimos que ese é un concepto equivocado dos usos múltiples que ten a cousa pública. A ver se agora que anda o edificio en obras se aproveita para repoñer as lámpadas e o seu resplandor consegue iluminarlles a boa senda.

O Museo da Terra de Melide volverá pechar en xaneiro por falta de fondos

Tan só a Deputación apoia a actividade do centro pero a súa achega non abonda para mantelo aberto

“Se non hai un milagre por aí, teremos que pechar”. Con estas palabras o máximo responsable do Museo da Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, confirmaba que o día 1 de xaneiro o centro que dirixe cerrará de novo temporalmente as súas portas. O motivo, ao igual que o ano pasado, é a falta de fondos suficientes para manter a actividade de forma ininterrompida durante todo o ano: “non estamos descubertos en ningún momento, pero os gastos son cada vez máis”, explica Broz, quen xustifica o peche por un exercicio de responsabilidade na xes-



Deputación e Museo renovaron en outubro o convenio de colaboración

ción económica.

A galería melidense sostense cos fondos procedentes das cotas dos socios e coas achegas da Deputación, a única administración que colabora economicamente a pesar de que o de Melide é o único museo comarcal ao pé do Camiño e a pesar tamén do seu

labor de información turística a nivel municipal. Con todo, nos últimos dous anos o goberno provincial reduciu a súa achega de 30.000 a 20.000 €, o que forzou ao museo a axustar o cinto. Esa mesma cantidade é a que recolle o convenio que as dúas entidades renovaron este mes de outubro.

Sobrado busca usos alternativos para a Galiña Azul ante a falta de nenos

A gardería da Galiña Azul no concello de Sobrado permanecerá pechada tamén este curso 2015/2016. A entidade que a xestiona, o Consorcio Galego de Benestar, tomou a decisión alegando que a matrícula é insuficiente para abrir o centro a xornada completa.

Os números así o certifican: tan só 6 familias inscribiron aos seus cativos este ano, “e iso case pedíndolle aos pais de favor que os levasen”, explica o alcalde, Lisardo Santos. O rexedor sinala que no municipio hai polo menos 13 nenos e nenas con idades comprendidas entre cero e 3 anos que poderían facer uso das instalacións, con 19 prazas dispoñibles, pero explica que “moitos teñen familias que se poden facer cargo deles e non se animan a deixalos na gardería”.

Malia atoparse con este panorama, o goberno local resítese a “ter o edificio pechado ano tras ano cando se lle podería dar outro uso”. É por iso



A Galiña Azul foi inaugurada en 2012 e custou 300.000 euros

que se puxo mans á obra para buscarlle novas utilidades. Nesa liña, a primeira medida do executivo municipal foi encargar un estudo “para ver se podemos facer outras actividades nel”. Con ese obxectivo, técnicos da Deputación visitaron Sobrado a finais de setembro e avaliaron as características do edificio.

Paralelamente Santos

afirma que “antes do ano que vén” manterá conversas co Consorcio Galego de Benestar para ver se é posible empregar o centro como ludoteca e “facer algunha actividade no inverno”.

A pesar de buscar usos alternativos para a Galiña Azul, confía en que axiña volva abrir como gardería tendo en conta que “a natalidade vai repuntar un pouco en Sobrado”.

Aprobado o plan que permitirá sacarlle “o máximo partido” ao Camiño

A Xunta de Galicia aprobou a finais do mes de setembro o Plan Director do Camiño de Santiago, “un dos documentos clave no eido do desenvolvemento turístico de Galicia”, segundo salientou o presidente do goberno galego, Alberto Núñez Feijóo. Tendo como horizonte o Ano Santo 2021, con este plan preténdese avanzar no proceso de ordenación, regulación e posta en valor dun dos símbolos de Galicia; as rutas xacobeas.

O Plan Director formula tres obxectivos: protexer e preservar o Camiño, facer que a peregrinación sexa unha experiencia de calidade e fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial. Con esta intención establecéronse oito liñas estratéxicas: coordinar todas as administracións e colectivos implicados, potenciar o patrimonio do Camiño, facelo accesible para as persoas con discapacidades, evolucionar cara a un Camiño medioambientalmente sostible, fortalecer Santiago de Compostela como meta, potenciar as diferentes rutas, garantir a calidade e a especialización na atención ao peregrino e fomentar a investigación, a comunicación e a divulgación.

Para a elaboración do Plan Director do Camiño contou coas achegas do sector. Concertáronse entrevistas con 170 organizacións e 220 persoas, representantes de Administracións Públicas, de asociacións de Amigos do Camiño, da igrexa, turoperadores, hostaleiros e grupos de investigación sobre o xacobeo.

O traballo incansable dos gardiáns do Furelos

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” afánase dende mediados de setembro, e de cara á próxima tempada de pesca, no acondicionamento do cauce fluvial que lle dá nome. Trátase en total de 11,5 quilómetros que van dende a aldea de Furelos ata A Bragaña, en Toques, nos que os voluntarios están a realizar labores de desbroce para habilitar un paseo fluvial en ámbalas dúas marxes do río e facilitar o acceso ao couto de pesca.

E non só iso. Os traballos tamén inclúen a retirada de árbores caídas que supoñen un atranco e a creación de numerosos pasos. A mediados de outubro os voluntarios




xa tiñan acondicionado o 80% do couto do Furelos. A maiores, a asociación vén de participar na VIII Limpeza Simultánea de Ríos organizada pola asociación ecoloxista Adegas. Neste caso o obxecto da actuación foi o río Martagona, do que se retiraron nun día 180 kg de lixo.

O PP de Toques urxe a buscar unha solución para o cemiterio da Capela

A carón da estrada que conduce a San Antolín, languidece en estado de semiabandono o cemiterio municipal da Capela. A súa construción sobre uns terreos de titularidade privada impide dende hai anos un uso normalizado do campamento, no que se teñen realizado varios enterramentos pero sen nin sequera estaren asignados os panteóns.

O Partido Popular non quere que dita situación se prolongue por máis tempo e urxe ao goberno local a que merque a parcela “para subsanar esta cuestión o antes posible”. A petición formulouna o portavoz dos populares, José Antonio Castro, no último pleno, unha sesión que aproveitou para insinuar que se trata dunha cuestión de vontade pois, segundo explicou, á súa saída da alcaldía hai cinco meses “xa se chegara a un acordo co propietario” e o expediente quedaba “moi avan-



O cemiterio presenta un estado de semiabandono

zado”. Engadiu Castro que ademais “xa viñeran os peritos e topógrafos medir as parcelas”.

O alcalde, José Ángel Penas, manifestou o seu desacordo con estas afirmacións. Negou que as medicións estivesen feitas e sinalou que no expediente “aínda faltan moitas cousas por subsanar”, como por exemplo “a segregación da parcela”.

Con todo, o rexedor amósase confiado e pon data para saír do limbo legal no que se atopa o campamento: “agardo que antes de fin de ano o tema estea arranzado”. A partir de entón entrará nunha nova fase na que o Concello lle cederá ás familias o uso dos panteóns por un tempo determinado.



Concello de Toques


Visitas guiadas gratuítas a
San Antão de Toques

- *Antigo Mosteiro Beneditino con arte prerrománica do s. XI.*
- *Pinturas murais do s. XV.*
- *Imaxes do Calvario do s. XII.*

— • —
Visitas semanais

Información e reserva:

666 49 38 60 - 650 14 65 45 - 610 00 21 85



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- | | | |
|------------------------------|-------------------------------------|--|
| - Medición de terreos | - Partición de herdanzas (partixas) | - Fotos antigas do Catastro de Melide |
| - Catastro | - Informes periciais e valoracións | - Concentración parcelaria |
| - Segregacións e agrupacións | - Proxectos agrícolas | - Legalización de pozos, traídas de auga, etc... |
| - Imposto de sucesións | | |

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



Mesón da
Extrema

TODO TIPO DE COMIDAS PARA LEVAR



TFNO.: 981 50 70 83
AVDA. DE LUGO, 85
15800 MELIDE (A CORUÑA)

NOVA XERENCIA

PULPO
CARNES E PEIXES
Á BRASA
CORDEIRO
CHULETÓNS
PARRILLADAS

BOCADILLOS
HAMBURGUESAS
EMPANADAS

COMIDAS DE
EMPRESA, CAZA,
ETC...

OS DOMINGOS DE
NOVEMBRO:
XORNADAS DE
COCIDO

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso

C. 1678

Miguel Fernández López

C. 711

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf. 981 506 455 – Móbil 661 58 00 04

MELIDE

A Xunta pecha as portas a asinar convenios para limpar a Rede Natura

A Rede Natura supón máis preocupacións ca alegrías para os veciños e os gobernos de Toques, un municipio que ten o 40% da súa superficie baixo protección medioambiental.

O novo executivo local (BNG-PSOE) encarou o enésimo intento por conseguir que se xestione o espazo protexido e evitar así que se produzan incendios como o que este verá arranxar 320 hectáreas de monte e puxo en perigo algúns núcleos de poboación.

Con esa intención o equipo de goberno chamou ás portas da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e puxo unha proposta encima da mesa: asinar un convenio que permita realizar actuacións como cortallumes ou limpeza de vías sen estar suxeitos á solicitude de permisos ou informes, un protocolo que “atrasa moito as actuacións”, explica o rexedor, José Ángel Penas. Na mesma liña o tenente de alcalde, Miguel Buján, destaca que “a normativa é un engorro e pouco ten en conta as nece-



Vista panorámica da Serra do Careón, incluída na Rede Natura

sidades dos veciños. Se pides permiso para cortar unha póla que molesta nun cable, tardan seis meses en darcho”.

Tales argumentos non convenceron aos responsables da Xunta, cuxa resposta foi que “de ningunha maneira” se podía asinar o convenio. “Sentímonos abandonados”, denuncia José Ángel Penas, “porque nin eles actúan nin deixan quen nós actuemos”. O alcalde fai fincapé nas contradicións

que se producen ao respecto “cando se prohiben os labores de prevención e logo en caso de incendio entran as Bulldozer destrizando todo e non pasa nada”.

A Xunta si que colaborará coas xornadas que o Concello prevé realizar para informar á veciñanza sobre a Rede Natura. Un técnico da Consellería de Medio Ambiente explicará o que se pode e o que non se pode facer nela.

Sobrado queda sen Xunta de Goberno pero terá cinco comisións de traballo

Concelleiros das tres forzas políticas acordarán medidas sobre dinamización, obras ou o Camiño

Sobrado quedará sen Xunta de Goberno Local, un organismo para a toma de decisións que non é obrigatorio en municipios con menos de 5.000 habitantes pero que “resulta necesario para un mellor funcionamento do Concello”.

Así o considera o alcalde, o socialista Lisardo Santos, que goberna en minoría e viu como a oposición (PP e TxS) sumou os seus votos na última sesión plenaria para botar abaixo a proposta do PSOE: crear unha Xunta de Goberno Local integrada unicamente polos catro concelleiros socia-

listas. “Todos os grupos deben participar na toma de decisións”, dixo a voceira de TxS, Chus García, na súa intervención, “se non estamos representados todos na Xunta de Goberno preferimos que esas decisións se tomen no pleno, que é o órgano de participación por excelencia”.

Cinco comisións

Seguindo esa liña de argumentación e avanzado o pleno, o seu grupo político presentou varias mocións para crear equipos de traballo enfocados “á dinamización económica e ao mantemento de infraestruturas e servizos para os veciños”.

En total foron cinco propostas que saíron adiante por unanimidade dos tres partidos, aínda que non sen reproches do grupo socialista: “Tiñades que ternos apoiado na creación da Xunta de Go-

berno Local, que non é outra cousa ca un grupo de traballo”, manifestou o rexedor, “o que estades facendo agora é crear esa xunta por partes”.

Cada unha das cinco comisións de traballo aprobadas estará integrada por tres edís: un do PSOE, outro do PP e outro de TxS. Os campos que abordarán son os seguintes: a dinamización económica, co obxectivo de “medrar e xerar postos de traballo”; o Camiño de Santiago, para “acondicionalo, mellorar a información turística e facelo máis visible”; as obras, coa intención de “planificarlas a longo prazo e facelas en función das necesidades reais da veciñanza”; o sector gandeiro, facendo fincapé en “impulsar a concentración parcelaria de Grixalba”; emerxencias meteorolóxicas, para “elaborar un plan de actuación de cara ao inverno”.

INVESTIMENTOS NA COMARCA

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado 8 de outubro o Plan de Cooperación ás Obras e Servizos municipais (POS 2016) e o Plan de Acción Social (PAS 2015), que repartirán 57,2 millóns de euros entre os 93 concellos da provincia. Estas son as cantidades que lles corresponden aos catro municipios da Terra de Melide:

TOQUES	SOBRADO
PAS - 233.178 €	PAS - 313.943 €
POS - 170.997 €	POS - 230.225 €
SANTISO	MELIDE
PAS - 262.536 €	PAS - 458.456 €
POS - 192.526 €	POS - 336.201 €

PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS PLENOS

Os veciños e veciñas de Sobrado poderán aproveitar os plenos para dirixirse directamente aos seus representantes políticos e formularlles preguntas unha vez que rematen as sesións. Isto será posible en canto os tres partidos con representación decidan o xeito en que lle darán voz á cidadanía. Dito procedemento sairá da comisión de traballo que acordaron crear por unanimidade e na que participarán concelleiros das tres formacións.

A idea de afondar na participación cidadá saíu de

Todos por Sobrado (TxS), cuxa voceira, Chus García Souto, se amosou partidaria de converter os plenos “nun foro aberto para a xente”. Sen rexeitar a proposta, o alcalde, o socialista Lisardo Santos, puntualizou que nun concello das dimensións de Sobrado “non é necesario chegar a ese punto porque todos estamos ao alcance dos veciños”.

Pola súa banda o PP apoiou a medida logo de poñer dúas condicións: que as preguntas se fixesen “cun control” e que non as escollese o equipo de goberno.

FESTIVOS LOCAIS 2016

TOQUES	SOBRADO
8 de febreiro (luns de Entroido)	9 de febreiro (martes de Entroido)
2 de setembro (luns, San Antolín)	29 de xuño (mércores, San Pedro)
SANTISO	MELIDE
13 de xuño (luns, San Antonio)	28 de marzo (luns de Pascua)
14 de setembro (mércores, Santa Cruz)	29 de xuño (mércores, San Pedro)

Ayude, un veciño de Santiso deportista de alto nivel

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia acaba de outorgarlle a Arón Ayude, veciño de Santiso, a condición de Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN). A distinción chega como recoñecemento aos bos resultados conseguidos esta tempada en kick boxing, unha disciplina que nunca antes tivo en Galicia un DGAN, como tampouco o Concello de Santiso.

Forxado na Escuela Ayude, un centro dedicado á formación en loitas, Arón Ayude é o cuarto alumno desta academia con sede en Melide que consegue a distinción de deportista de alto nivel. Antes ca el xa a obtiveron Bruno Agra, Xandre Freire e Cora Ayude. A dirección do centro felicítalo e agarda que esta nova distinción “solo sea el comienzo de una larga lista”.



O PP esixe a limpeza inmediata do vertedoiro de Gosenxe, en Ribadulla

O Partido Popular de Santiso denuncia a existencia dun vertedoiro ilegal preto das vivendas de Gosenxe, na parroquia de Ribadulla, onde se acumulan dende hai anos “restos de obras, bidóns de plástico, rodas e todo tipo de obxectos”.

Os populares critican a pasividade do goberno local ante a acumulación incontrolada de lixo nese punto e denuncian que, malia teren constancia da súa existencia, “parece que haxa interese en mantelo así”.

A voceira do PP, Matilde Pallares, asegura que xa na anterior lexislatura se comunicou verbalmente e “en varias ocasións” a presenza de lixo. Sinala ademais que en setembro de 2013 foi presentado un escrito no rexistro do Concello solicitando a súa limpeza: “consideramos que dous anos é tempo máis que suficiente para ter isto solucionado e in-



Vista xeral do vertedoiro, localizado á beira dun regacho

cluso xa a zona recuperada”, argumenta. En opinión de Pallares, a falta de solución ao problema pon de relevo “o interese que demostran os gobernantes de BNG e PSOE polo pobo de Santiso” e engade que “deixan claro e á vista está que os problemas

dos veciños non son os seus”.

O vertedoiro de Gosenxe xa foi tema de debate no último pleno municipal, ocasión que o alcalde, Manuel Adán, aproveitou para apelar á responsabilidade dos veciños e para recordar que o lixo “xa se retirou e xa volveron a botar máis”.

Floristería MARU

1 y 2 de noviembre

DÍA DE DIFUNTOS

Un recuerdo, una flor...

- Amplia variedad en flores y plantas
- Coronas y centros florales
- Eventos nupciales, comuniones, etc...



Rúa do Convento, nº 9 Melide


Tlf: 981 507 580 / 607 507 579

e-mail: floristeriamaru@gmail.com



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★ ★ ★

Tlf: 982 153 232 / 679 035 713



IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56

Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Welcome Academia de Enseñanza

Inglés:

- Todos los niveles
- Profesorado titulado y nativo
- Exámenes oficiales
- Cursos en el extranjero

Matemáticas

Física

Química

Refuerzos en todas
las asignaturas

Avda. de América, 7
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfnos. Contacto: **617 185 782**
981 507 459

Joyería Oro Ley



Taller propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68



Dolce Petit

name it.

Ronda da Coruña, 10 - MELIDE
Tel: 881 978 560 E-mail: meritxells9@gmail.com

A Semana da Música recordará na súa XXVI edición á Agrupación Castelo



En chegando o mes de novembro os músicos da Terra de Melide comezan a afinar os seus instrumentos para participar nunha das citas musicais por excelencia da comarca: a Semana da Música, que chega á súa 26ª edición con cinco

días de actuacións e a participación de 12 agrupacións e 5 cantantes solistas.

Este ano a Coral Polifónica de Melide, entidade encargada de organizar o evento, quixo dedicalo á Agrupación Castelo, un conxunto de música e baile

tradicional xurdido a comezos da década dos 90 no seo da Asociación de Amas de Casa (agora Asociación Catasol) do que “saíu moita xente que a día de hoxe continúa na música, traballa por ela e fai que se siga conservando”.

Actuacións ás 20:00 na Casa da Cultura de Melide

SÁBADO 7

Gaiteiros do Balado
Coro Parroquial de Melide
Os Melidaos

DOMINGO 8

Pandereteiras de A Maristela
Irene Ruiz, Xoan Curros, Patricia Méndez
Agrupación A Maristela

VENRES 13

Pozo Pequeno
Coral de Santiso
Froito Novo

SÁBADO 14

Acordeóns H.Grileira
Carla Rey, Fátima Lea
Leirabuxo

DOMINGO 15

Herba Grileira
Coral de Melide
Actuación de peche

Mariluz Viñas, a muller que corre co corazón

Hai veces nas que se corre máis co corazón ca coas pernas, aínda que as de Mariluz Viñas xa leven moitos quilómetros sobre de si. Cando estas dúas partes do corpo se xuntan, os límites son infinitos.

Así son tamén os desta muller, ultramaratoniana que emprendeu unha viaxe solidaria polo Camiño de Santiago, con parada en Melide, para axudar aos nenos e nenas enfermos de cancro. Concretamente aos da Fundación Saint Jude, unha institución sen ánimo de lucro con sede na República Dominicana que ten por único obxectivo apoiar económica e emocionalmente aos cativos que sofren esa enfermidade. Na actualidade a fundación dá cobertura a preto de 150 cativos.

El Reto del Camino, como foi bautizada a fazaña lograda por Mariluz Viñas, consistiu no difícil desafío de percorrer en 15 etapas os 780 quilóme-

tros que separan a localidade francesa de Saint Jean Pied de Port de Compostela: correndo cada día 52 quilómetros e dedicando cada etapa a recadar fondos para un neno diferente. Palabras como “forza”, “entusiasmo”, “motivación” e “maxia” foron as únicas que acompañaron a Mariluz Viñas neste reto que acabou con éxito o pasado 11 de outubro na Praza do Obradoiro.

Un día antes El Reto del Camiño fixo parada en Melide, o punto de chegada da penúltima etapa, que a ultramaratoniana quixo dedicar a Sandy, unha cativa á que se lle detectou leucemia con catro meses e cuxos pais non dispoñían de cartos suficientes para custear a quimioterapia. Dita etapa comezou en Morgade (Sarria) e rematou no Cantón de San Roque, onde a corredora foi recibida con aplausos. Membros da Asociación Deportiva Cerne sumáronse á causa correndo con ela dende Palas de Rei.



Mª Luz Viñas, recibida entre aplausos no Cantón de San Roque



A Asoc. Deportiva Cerne acompañou á corredora no final da etapa



EXPOSICIÓN: *Un lustro enfocando*

Ata o 6 de novembro poderase visitar na sala de exposicións da Casa de Cultura a mostra “Un lustro enfocando”, da Asociación de fotografía Enfócame de Melide. Trátase dunha retrospectiva dos cinco últimos anos de vida desta organización na que se poden ver arredor de 50 fotografías dos diferentes eventos e exposicións que teñen realizado.

Unha escola de iniciativa privada dá saída á afección polo pádel en Melide

O crecente gusto polo deporte do pádel na vila comezará a coller forma e técnica a partir desta tempada. Niso será no que se centre a recentemente creada Escola de Pádel de Melide, un proxecto de iniciativa privada que, en colaboración co Concello, botou a andar a primeiros de outubro.

As clases impártense todos os luns nas pistas municipais cubertas do Pazo de Congresos, en horario de 17:15 a 22:45. A elas poden asistir nenas e nenos a partir dos 7 anos e tamén adultos, tanto na modalidade de iniciación como na de perfeccionamento.

Para a posta en marcha desta iniciativa resultou imprescindible a colaboración do Concello, que asinou un convenio coa escola para cederlle o uso das instalacións. “Dende o primeiro día houbo unha predisposición fantástica”, declarou en entrevista con Radio Melide o director da escola,



No ano 2009 inauguráronse as primeiras pistas de pádel de Melide

Paco Domínguez, “compartiamos o obxectivo común de darlle contido á afección que hai aquí por este deporte”.

Club Federado

Paco Domínguez asegura estar “moi contento” coa acollida que tivo a escola e comeza xa a darlle forma a algúns proxectos futuros. O primeiro de todos

sería organizar unha liga a nivel local, e aberta a xogadores e xogadoras de fóra da vila, “para que haxa un calendario de actividades permanentes e a xente poida competir”. Como obxectivo máis ambicioso e a longo prazo está a creación dun club federado de pádel. “Sería ideal que a escola remate niso”, confesa Domínguez.



A Asociación de Software Libre de Melide (Melisa) organiza para o vindeiro venres 23 de outubro a *I Xornada de Radio Libre*, con charlas e obradoiros para aprender a gravar e montar un programa, iniciarse na linguaxe radiofónica e na elaboración de guiños ou dar os primeiros pasos na produción musical con ferramentas e licenzas libres.

A xornada desenvolverase no IES de Melide, con entrada libre e de balde. Dará comezo ás 8:45 cun obradoiro de iniciación radiofónica no que se traballará coa voz, a música, os efectos sonoros e o silencio. En paralelo, Rafael Rodríguez Gaioso impartirá outro obradoiro baixo o título “*Licenzas libres para publicar contidos*”. A xornada de mañá rematará cunha introdución á elaboración de guiños e á gravación e montaxe de contidos. Xa na sesión de tarde, e como introdución ao obradoiro “*Facendo música con software libre*”, realizarase previamente outro para aprender a manexar Ubuntu Studio e AV Linux. É recomendable que cada quen leve o seu portátil.

O renovado Rally da Ulloa deixa aberta a loita polo campionato galego

O Rally da Ulloa, celebrado os pasados días 2 e 3 de outubro, pechou a súa oitava edición cun claro dominador: o piloto de Cambre Iván Ares, que ao volante dun Porsche 911 e acompañado por Álvaro Bañobre como navegante, conseguiu marcar o mellor tempo nos nove tramos cronometrados dos que constou a carreira.

Outros dos protagonistas foi o piloto lucense Adrián Díaz que, estando fóra do podio no antepenúltimo tramo, foi quen de remontar para acabar segundo. En terceiro e cuarto lugar quedaron respectivamente Alberto Meira e Alejandro País, que son os máximos aspirantes a facerse co campionato galego de rallies. Sen poder sentenciar na Ulloa, veranse de novo as caras na próxima proba puntuable, o Rally San Froilán, que se celebrará na cidade das murallas o 24 de outubro. Ribeira Sacra e Tui poñerán fin ao calendario de competición.



Pé á Chapa



José Alvarinho

López loitará por competir coas mellores do mundo



López e Ayude (dereita) co seleccionador nacional de esgrima

Patricia López, tiradora de Escuela Ayude, comeza a tempada cun difícil reto: clasificarse para a copa do mundo de esgrima júnior que se celebrará no mes de xaneiro en Burgos. A parada inicial fixoa en Tarragona, onde se celebrou a primeira proba puntuable para o ranking. López conseguiu meterse entre as 30 mellores, pero para clasificarse terá que estar entre as 16 primeiras. Esa é a meta a conseguir nas dúas probas que restan.

Por outra banda en Tarragona Patricia López recibiu unha boa nova de boca do seleccionador nacional de esgrima: foi convocada para participar na concentración de Nadal que realizará o combinado nacional no Centro de Alto Rendemento de Madrid.

Calzados Broz

Camiño de Ovedo, 13 – MELIDE

Telf: 981 505 060

MARCAS EXCLUSIVAS



Ronda da Coruña, 24

MELIDE

Telf: 981 815 619



REMODELACIÓN DA NOSA TENDA



www.facebook.com/CalzadoBroz



www.pinterest.com/brozcalzados



www.calzadosbroz.blogspot.com



calzadosbroz@gmail.com

Os tempos son propicios

María Mellid, licenciada en ADE

Hoxe, por primeira vez, dedícolle o espazo ó ámbito no que desenvolvo a miña vida laboral. Toca falar do desenvolvemento rural, en xeral, e do Programa europeo Leader, en particular. Se ben a PAC é tan antiga como a propia UE, pois un dos obxectivos básicos da súa constitución foi garantir a soberanía alimentaria despois dun período de guerras e carestía, a política de desenvolvemento rural é moito máis recente. Iniciouse como unha serie de medidas para a mellora estrutural do agro, cando o éxito das proteccionistas medidas da PAC clásica deron como resultado a existencia de grandes excesos de produción que o mercado non podía asimila, xeradores dun inxente gasto público.

Co paso do tempo e a aparición de novos problemas no rural como os danos medioambientais polas prácticas intensivas ou o despoboamento do mesmo e a demanda da cidadanía de novos servizos: de ocio, culturais e ambientais; a política de desenvolvemento rural deixa de ser un conxunto de medidas de acompañamento do sector para ser unha política europea de seu, coñecéndose coa famosa denominación do “se-

gundo piar da PAC”.

O Leader naceu no ámbito desta política como unha iniciativa comunitaria de enfoque novedoso na que é a propia poboación local a que decide, a través da súa propia estratexia, de que maneira e en que proxectos se invisten os fondos dotados pola UE nun territorio para acadar o desenvolvemento do mesmo. É curioso que, sendo plenamente conscientes da necesidade da política de desenvolvemento rural en Europa, onde se lle esixe o cumprimento de obxectivos cada vez máis ambiciosos e diversificados polo súa filosofía multisectorial así como do éxito do Leader e da bonanza do seu enfoque; o orzamento público destinado ós mesmos, lonxe de ampliarse ou manterse, se reduce.

É necesario analizar a diverxencia, cada vez máis ampla, do que se quere conseguir neste eido e do esforzo financeiro do que se dotan as ferramentas a utilizar para conseguilo. Esa reflexión só pode vir de alguén que coñeza este ámbito coa proximidade e a familiaridade da súa propia participación persoal... na miña opinión, os tempos son propicios.

Mira e dime o que ves

Iria Buxán Raposo, politóloga



- Eu son Xan, o que votou por vostede.

- ¡Ah!... ¡Sí! ¡Caramba! Si desea algo vuelva mañana.

Ás veces teño a sensación que a política non interesa e seguramente non sexa unha sensación, senón un feito. A política xorde como resposta a unha necesidade de xestionar o conflito social, en definitiva, de manter a paz social. Os partidos políticos son a forma, que a sociedade ten, para exercer o poder político. Actualmente vivimos inmersos nun sistema de grandes partidos políticos de dominio estatal que gobernan pensando nas próximas eleccións, acadar o maior número de votos posible e minimizar ao máximo os seus trazos ideolóxicos e proxecto político real nos seus discursos. Priorizan a mobilización electoral e o aparello propagandístico mediante o control dos medios de comunicación e preséntanse con programas electorais que comprenden unicamente temas xerais e conxunturais explicados con total ambigüidade.

Na democracia os representantes políticos obteñen a confianza dos electores non

para gobernar para os seus intereses, senón para o interese xeral. O que observamos é que os mesmos grandes partidos de ámbito estatal reciben un apoio masivo para gobernar tanto aquí como acolá. Os problemas logo aparecen cando se ven obrigados a decidir que posición han de representar e que intereses han de defender fronte aos seus homólogos, e moitas veces colegas de partido, durante as negociacións e nos órganos de decisión. Porque iso é o que é a política, tomar decisións e saber a quen te debes.

Desde aquí, vemos cómo

sistematicamente os nosos intereses estratéxicos e lexítimos son intencionadamente desviados nun debate político bipolar, tanto en Madrid como en Bruxelas, e somos utilizados como moeda de cambio en negociacións que non vemos pero que ben sentimos as súas trágicas consecuencias (véxase situación do sector primario: leiteiro, pesca, agropecuario e forestal; desaparición de entidades de crédito de capital propio; carísimas concesións de infraestruturas básicas...)

O único que cómpre é espertar a nosa consciencia, ver a relación de forzas que existe detrás da defensa dos nosos intereses. Comprender que nada pasa porque si e asumir que ao contrario do que poda parecer, cada un de nós fai política a cotío e que a nosa implicación individual e colectiva é a que decide o futuro ao que nos diriximos. É a clase política a que é reflexo da sociedade e non ao revés. Se nós non defendemos o noso, ninguén nolo vai defender.

O cangrexo de río (I)

Xavier Pazo, Asociación de Troiteiros “Río Furelos”

Baixo a débil luz do atardecer outonal acercámonos ata o leito do río. Estamos nese tramo onde os regatos deixan de ser rápidos e ruidosos. Ollando entre as pedras do fondo descubrimos o cangrexo do río entre os remansos. Esta criatura, hermética e acoirazada, cas súas dúas espectaculares pinzas en posición adiantada, pronto atrae a nosa atención. Desprázase lentamente, as largas antenas en constante movemento explorando cada pedra, cada esquina e cada greta do leito do río antes de dar un novo paso.

Axiña percibimos que hai exemplares que están moi excitados. Corren dun lado para

outro como buscando algo. Os machos adultos en celo acosan ás femias ante a imperiosa chamada da reprodución. Cando o macho alcanza a femia, pona boca arriba e deposita sobre o seu abdome o líquido seminal, que en contacto coa auga solidifícase, quedando fixado no ventre da femia ata que alcanza a madurez sexual. Calmada a imperiosa necesidade, o macho abandona a femia e comeza unha solitaria vida ata que no próximo outono sinta de novo a chamada do celo.

A fría despedida deixa a femia coa responsabilidade da incubación. Moitos serán os avatares que terá que pasar ata que nos primeiros solpores

do verán os diminutos cangrexos vexan a luz por primeira vez. Co seu lento camiñar, levando a responsabilidade da defensa e dos primeiros coidados da súa próxima descendencia, a femia acabada de fecundar busca nas sombras proxectadas polas pedras e a vexetación un lugar onde facer un pequeno niño. Coa axuda das pinzas e da cola remove lentamente as pedras e introduce alí paseniño o seu corpo, protexendo os espermatozoides que o macho depositou sobre dela. A fecundación dura de tres a seis semanas e a posta 48 horas. Unha vez rematada a femia, cansada polo esforzo realizado (son



entre 130-150 ovos, de color negro brillante), introduce o seu corpo no niño feito.

Chega a primavera, os embrións xa teñen ollos e miran con desconfianza a través da envoltura protectora de cor rosa. Para finais de xuño, cando os raios solares caldean as augas dos remansos, as femias de cangrexo abandonan o seu refuxio. Dentro, os

pequenos cangrexos loitan por saír e con escasas forzas, movementos rítmicos e precisos, axudados pola nai, abandonan a casca. Acabados de nacer, con 7-8 milímetros, moi parecidos aos adultos, permanecen pegados aos filamentos do ventre da nai durante 7-9 días. Neste tempo o caparazón endurecese e aprenden as artes de nadar e de camiñar polo cauce do río. Durante este tempo nunca abandonan a protección materna.

Temos que recordar que estes crustáceos, imponentes coa súa armadura calcárea e fortemente armados coas súas pinzas, espertan a cobiza humana e son capturados frecuentemente, pois o sabor da súa carne é excelente.

CRISTINA LOUZAO BARREIRO, CALIFORNIA 66

“Sempre son sincera coa clienta; mentir só trae pan para hoxe e fame para mañá”

Unha nova tenda de roupa abriu recentemente as súas portas en Melide. Cun estilo xuvenil, prendas para home e muller e un amplo abano de tallas, *California 66* é xa un lugar de parada obrigatoria en calquera tarde de compras. Á fronte está Cristina Louzao, unha veciña da vila que concentra

todas as características da boa emprendedora: decidida, con ideas e sen medo ante a nova etapa que inicia dende a experiencia de ter desenvolvido toda a súa carreira profesional de cara ao público. Superadas con éxito as dificultades iniciais, xa só queda dar no cravo cos gustos da clientela.

- Por que decidiu montar un negocio? E por que escolleu Melide?

-Cristina Louzao (C.L.): Sempre traballei en comercios, de cara ao público. Gústame a relación coa xente e cando quedei sen traballo foi a saída que máis me convenceu. Escollín Melide porque son de aquí de toda a vida e porque me coñece moita xente. Iso é unha pequena garantía, aínda que haxa que empezar igual de cero.

- Que é o máis difícil cando se parte de cero?

-C.L.: sen dúbida, conseguir financiamento. O resto de pasos necesarios para poñer en marcha o negocio non me meten medo. Son unha persoa emprendedora e se isto non me vai ben seguramente monte outra cousa. No que é o día a día da tenda o que me está a resultar máis difícil é escoller a roupa e decidir que prendas traio para poñer á venda. Cando vou mercar toleo: ou me gusta todo ou non me gusta nada. O que me gusta a min ao mellor penso que se vai vender e non se vende... É complicado.

- Supoño que hai que coñecer moi ben a clientela. Que gustos ten a comarca?

-C.L.: Nun principio pensabamos que a xente sería máis ben clásica e conservadora pero estamos vendo que cando arriscamos as prendas máis atrevidas tamén teñen boa saída. Hai veces que as clientas entran cunha idea fixa e logo acaban mercando xusto o contrario do que pensaban. Creio que as tendas debemos ir por diante do consumidor e introducir algunha roupa diferente á de sempre.

- O asesoramento é unha parte importante do seu



Cristina Louzao e a súa parella son as caras visibles de California 66

traballo?

-C.L.: Si. Hai moita xente que pide consello, aínda que outra xa chega coas ideas moi claras. Eu o que digo sempre é: “cando aconselles, procura facelo ben, senón perdes a clientela”. Se unha prenda non queda ben, a clienta ten que sabelo, haillo que dicir. Estamos para vender pero non a costa de mentir. Sempre compenso ser sincera coa clienta. Doutra xeito... pan para hoxe, fame para mañá.

- Dende que abriu a tenda ten presenza nas redes sociais. Inflúen nas vendas?

-C.L.: Si, porque a través delas podes chegar a moita máis xente e sen límites xeográficos. Teñen bastante repercusión. Non quixera mentir, pero estou por dicir que sobre o 50% das vendas fanse a raíz

das redes sociais. Tamén teño que dicir que, polo menos no noso caso, funciona moi ben o escaparate. Rotamos a miúdo a roupa e a xente que pasa fíxase máis do que parece.

- A que tipo de público enfocou a tenda?

-C.L.: En principio enfocámosla ao público xuvenil pero unha muller ou un home que, pasados os 50, lles guste vestir moderno, poden atopar perfectamente roupa para eles. En canto a tallas pódese dicir que o abarcamos todo: dende a XS á 52 para muller e dende a 38 á 58 para home. Ao principio abrimos un pouco a cegas pero agora imos modificando sobre a marcha en función do que nos vai pedindo o cliente.

- Que prenda non debe fal-

tar este inverno nos nosos armarios?

-C.L.: No caso dos homes un suadoiro con pescozo e un pantalón vaqueiro. A roupa casual nunca falla. Para muller, este inverno non debería faltar un vestido con estampado outonal. Tampouco a antelina, que vai ser o tecido estrela desta tempada. En canto a cores, hai que apostar polo burdeos, o mostaza e os verdes nas súas diferentes gamas.

- Merca máis a muller ou o home?

-C.L.: A muller compra máis a miúdo. Todas as semanas vén mirar que novidades hai e sempre pica algo. O home vai máis a tiro fixo. Merca unha vez ao mes pero marcha vestido de arriba a abaixo. Os hábitos son diferentes, pero cartos veñen gastando máis ou menos os

“Abarcamos todas as tallas: dende a XS ata a 52 para muller e da 38 ata a 58 para home”

“Arredor do 50% das vendas fanse a raíz das redes sociais e do que poñemos no escaparate”

mesmos.

- Ten algunha oferta ou promoción vixente?

-C.L.: Si, a persoa que entre pola porta de California 66 sempre vai atopar algunha promoción ou oferta en prendas concretas. Ímolas cambiando cada pouco tempo. Agora mesmo cada cliente que realiza unha compra leva un bono cun 10% de desconto para a seguinte. Ademais temos unhas tarxetas nas que vas acumulando dous euros por cada compra que fagas. Ao que teñas catro compras realizadas, tes dereito a 8 euros de desconto na prenda que leves.

California 66

**Tlf: 687 776 436
R/ Rosaleda, 5**

CURSO 2015 - 2016

**PANDEIRETA E CANTO
PERCUSIÓN
ACORDEÓN
GAITA
BAILE**

ACTIVIDADES, CURSOS E OBRADOIROS DURANTE TODO O ANO.

ANÍMATE! COLABORA E FAITE SOCI@!

Asociación Cultural e
Musical **herba grileira**

606 04 71 85
652 81 97 32

